

Resolución do 20 de decembro do 2022 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán no Programa Finanzas para mortais durante o curso 2022/2023.

A capacidade de xestión financeira é unha das competencias emprendedoras críticas para creación e o desenvolvemento de novas empresas. Unha boa educación financeira axuda á identificación de oportunidades e viabilidade de negocios á hora de emprender. Tamén, os coñecementos e as habilidades financeiras son necesarios para estimar o risco dunha inversión e, polo tanto, esenciais para a toma de decisións empresariais. En consecuencia, os individuos con intención de crear unha empresa deben contar cunha mínima cultura económico-financiera.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, *eduemprende*, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións desenvolvidas dentro de *eduemprende* atópase o Programa Finanzas para mortais enmarcado no convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Banco Santander e UCEIF (*Fundación de la Universidad de Cantabria para el estudio y la investigación del sector financiero*) para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento da educación financeira entre o alumnado.

As actividades do Programa Finanzas para mortais están dirixidas precisamente a conseguir un avance na cultura financeira do alumnado, coñecemento necesario para emprender negocios minimizando riscos económicos e promovendo un crecemento da competitividade e da economía.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de se seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar o procedemento de selección de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa participación no Programa Finanzas para mortais, durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades do programa

Neste programa o alumnado poderá participar nas seguintes actividades:

1. Sesións formativas presenciais, que consistirán en talleres e charlas organizadas e impartidas por persoal voluntario do Banco de Santander. Estas desenvolveranse en 2 sesións, de hora e media de duración cada unha, e serán impartidas en diferentes días. A continuación detállanse as opcións formativas:

OPCIÓN 1: COMO XESTIONAR MELLOR A TÚA ECONOMÍA (Recomendada para alumnado de 3º ESO e de ciclos formativos de grao básico)

- Consumo intelixente: Educación financeira, por que é importante saber de finanzas?, consumo intelixente, por que facer un presuposto?, aforro.
- Aprendendo a aforrar: Os diferentes usos do cartos, consumo e aforro responsables, como administrar os cartos de forma eficiente nunha economía familiar.



- Proxectos solidarios: O concepto de rendibilidade e o custo de oportunidade, inversións rendibles vs. inversións solidarias.

OPCIÓN 2: COMO XESTIONAR AS TÚAS CONTAS BANCARIAS (Recomendada para alumnado de 4º ESO e de ciclos formativos de grao básico)

- Manexo de contas bancarias: Contas bancarias e depósitos á vista, que son as tarxetas bancarias? Tipos e características, transferencias e cheques, a banca a distancia.
- Os aforros: Produtos de aforro (depósitos a prazo), contas correntes vs. cadernos, produtos de inversión, renda variable (bolsa, fondos de inversión, plans de pensións).
- Operacións financeiras: Produtos de financiamento, o endebedamento intelixente, un crédito ou un préstamos?, préstamos: persoal ou hipotecario.
- Medios de pago no estranxeiro: cambio de moedas (cando, canto e onde facelo), uso de tarxetas no estranxeiro (efectivo vs. tarxeta, consellos), outros medios: aplicacións de envío de diñeiro.

OPCIÓN 3: OS AFORROS (Recomendada para alumnado de 1º Bacharelato e de ciclos formativos de grao medio)

- A economía dun país: Análise da economía dun país, principais indicadores económicos (PIB, desemprego, débeda, inflación), vídeo (variables macroeconómicas).
- Fonte de ingresos dun país: Principais ingresos públicos, débeda pública, cotizacións sociais, transferencias recibidas, impostos.
- Gasto dun país: Orzamentos xerais do Estado, quen gasta nun país, principais partidas de gasto.
- As pensións: O Sistema da Seguridade Social, os cambios demográficos (taxa de natalidade, esperanza de vida, pirámide de poboación), evolución das pensións, que outras opcións existen, comparación de sistemas.

OPCIÓN 4: INVERSIÓNS E INICIATIVA EMPRENDEDORA (Recomendada para alumnado de 2º Bacharelato e de ciclos formativos de grao superior)

- Deseñando o futuro: Empregado vs. traballador por conta propia, nómina vs. orzamento/factura, impostos (IRPF, IVE), cotización Seguridade Social.
- Proxectos de negocio: Plan de negocio, Modelo Canvas, idea (proposta, actividades, recursos), asociacións (clientes e socios), comercial (canles e relación), números (estrutura custos e fluxo de ingresos).
- Que hai que coñecer para montar unha empresa: persoa física vs. persoa xurídica, principais tipos de empresa, puntos a valorar, cadro comparativo.
- Como facer medrar a miña empresa: tipos de financiamento, financiamento propio (3F e autofinanciamento), financiamento alleo (*crowdfunding*, *crowlending*, subvencións, *Business Angel*), conta de resultados simplificada.

2. Unha actividade na que o alumnado incorporarse como voluntarios/as ás actividades descritas no apartado anterior. Previamente o alumnado recibirá a formación necesaria para esta labor. Esta formación desenvolverase nunha única sesión de 3 horas de duración.

Esta actividade está dirixida ao alumnado matriculado no Ciclo Formativo de Grado Superior de Administración e Finanzas e constará de dúas partes:

- Unha primeira parte, na que o alumnado recibirá tres horas consecutivas de



formación telemática que, acompañadas do material e metodoloxía axeitadas, lle permitirá desenvolver a súa posterior labor como voluntario/a.

- Unha segunda parte, na que o alumnado, acompañado dun voluntario do Banco Santander impartirá a OPCIÓN 1 e/ou OPCIÓN 2, das actividades formativas antes mencionadas.

As sesións nas que participarán serán decididas polo centro educativo do alumnado participante de forma consensuada cos voluntarios do Banco Santander. Unha vez rematado este programa o alumnado recibirá un diploma, emitido polo Santander Financial Institute, no que se acreditará o número de sesións impartidas.

Durante o desenvolvemento do programa realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a súa difusión.

Terceiro. Temporalización do Programa Finanzas para mortais

As actividades formativas realizaranse de luns a venres ata maio de 2023, a impartir en dous días distintos. A temporalización elixida polo centro educativo será confirmada polo Banco Santander e UCEIF antes da súa realización.

A actividade de formación do voluntariado realizarase no mes de febreiro de 2023 nunha única xornada en horario de mañá.

Cuarto. Destinatarios

Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos de Galicia, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se atope cursando 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e ciclos formativos de Formación Profesional.

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para a solicitude das sesións formativas, cada centro poderá presentar unha solicitude de participación no programa (Anexo I) na que pode indicar un ou máis grupos e opcións formativas. Coa finalidade de garantir o aproveitamento destas sesións formativas, o número máximo de participantes en cada unha delas será de 30 alumnos/as.

As solicitudes enviaranse a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co asunto "Solicitude programa Finanzas para Mortais 2022/2023", desde a conta de correo corporativa do centro conforme o Anexo I (inscrición no programa) e/ou Anexo II(actividade de voluntariado).

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección dos centros

Adxudicarase unha única sesión formativa por centro. Non hai límite de centros participantes, polo que todos os centros que remitan a solicitude en prazo e forma serán admitidos nesta actividade.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

